



**Verín**  
**MAIOS**  
**SOLIDARIOS 2020**

**Vacina Covid-19**





A Concellaría de Festexos do Concello de Verín celebra este ano a festa dos Maios, mantendo a elaboración das tradicionais coplas pero adaptadas e optimizadas para a súa lectura e difusión a través de internet e dispositivos móbiles.

Ao non ser posible a venda das coplas e a recadación de fondos solidarios para as asociacións participantes -así como a elaboración dos Maios Florais- debido ás restricións derivadas do actual estado de alarma, este ano o ente municipal doará, integramente, a cantidade orzamentada para devanditos festexos á investigación da vacina contra o COVID-19.

*O Concello anima a facer unha doazón solidaria para o mesmo fin ao Centro Nacional de Biotecnología (CNB) do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) ás persoas que poidan e queiran facela. Para iso, lean, detidamente, as instrucións da páxina seguinte.*

Hai dúas opcións, en función de se desexan obter o certificado e deducir a doazón ou non.

## **SEN CERTIFICADO**

***Doazón de 0€ até 1000 €, non deducible, realizando unha transferencia á conta do CSIC***

***ES07 9000 0001 2002 2000 0047***

***Indicar no concepto: "Donativo al CNB- CSIC".***

## **CON CERTIFICADO DA DOAZÓN**

***Doazón de 0€ até 5.000 €, deducible, realizando unha transferencia á conta do CSIC***

***ES07 9000 0001 2002 2000 0047***

***Indicar no concepto: "Donativo al CNB-CSIC (incluye nome e apellidos (ou razón social) + DNI/CIF/NIE)"***

***O CSIC emitirá un certificado xustificativo da doazón e comunicará os datos a AEAT para que conste como deducible.***

***Se quere recibir o certificado, escriba, identificando o donativo realizado, a [saeing@csic.es](mailto:saeing@csic.es)***

*participan:*

**COLEXIO MARÍA INMACULADA**

**COLEXIO APOSTÓLICO MERCEDARIO**

**IES XESÚS TABOADA CHIVITE**

**CEIP AMARO REFOJO**

**CEIP PRINCESA DE ESPAÑA**

**CRA MONTERREI**

**CENTRO DE DÍA RAIOLA**

**AA. MULLERES FLOR DA XESTA**

**ANPA CONSERVATORIO DE VERÍN**

**AA. VERINENSE AMIGOS DA MÚSICA**

**O MAIO DOS PATOS**

O “coronavirus”  
estame a amolar,  
xa boto de menos  
ata o estudar...

Seremos culpables  
nós desta pandemia?  
e de non poder  
nin dar unha aperta?

Pois hai quen nos di  
que a natureza  
se vingará de nós  
por pouca cabeza.

Que estamos xogando  
coa nosa saúde  
cando a maltratamos  
coa nosa actitude.



Tamén hai quen di  
que é cousa sabida  
que buscan maneiras  
de acabar coa vida.

Que todo está feito  
nun laboratorio,  
facendo do mundo  
un gran mortuorio...

Quen pode saber  
cal é a verdade  
habendo na xente  
tan grande maldade?

O que si é certo  
é que mentres tanto  
hai xente morrendo,  
Isto é un espanto!

E como sempre pasa,  
só morren os bos.  
Estamos quedando  
sen nosos avós...

Quedando na casa  
todos arrestados  
vense máis estrelas,  
non contaminamos!

Levántate “maio”,  
bótate a andar  
que o “coronavirus”  
pódete pillar...

Queremos aquí  
ser agradecidos  
con todos aqueles  
que corren gran risco.

Se non é por eles  
morremos seguro.  
Se non é por facer  
traballo tan duro....

Son os sanitarios  
e os transportistas,  
os repoñedores,  
dándonos a vida...

Tamén policíaas  
e gardas civís,  
bombeiros, soldados...  
Temos que aplaudir!

É nestes momentos  
de calamidade  
cando se coñece  
aos bos de verdade.



Acaba de chegar  
o “maio” a Verín.  
Que pouquiñas ganas  
vos temos de rir!

Este ano os “maios”  
á praza non van,  
estamos na casa  
botando unha man....

Tamén este ano  
é moi diferente.  
Todo o mundo na casa  
sen contacto coa xente...

Estamos atrapados,  
en casas e pisos,  
saímos aos balcóns  
cheos de sorrisos...

Quen ten corazón ,  
quen pensa no outro,  
quen polos demais  
axuda con todo.

Tamén se descobre  
a quen só persegue  
o seu beneficio  
e o seu interese...

Pedímoslle ao alcalde  
se nos pode dar  
algún tapabocas  
e luvas para as mans.

Aquí acabamos.  
Chegou o final.  
Que o ano que vén  
sexa máis normal...



Mira o que estás a facer  
Coronavirus, Coronavirus,  
Os meus plans atordaches,  
Polo teu maldito virus.

Temos moitas ganas  
De poder cantar os maios,  
De volver ás nosas clases,  
E de volver a xuntarnos.

Chegou a primavera  
Pero non hai ledicia,  
Por culpa do coronavirus,  
Na casa e con preguiza.

Este primeiro de maio,  
O virus nos estragou,  
Pero as nosas amizades  
Ben que nolas reforzou.

Os pobos e rúas cambiaron  
Antes, ninguén no balcón,  
Agora, en punto, ás oito,  
Aplausos a mogollón.

Mentres uns nos aburrimos  
Nestes días de confinamento  
Por non ter adestramentos,  
Outros buscan un tratamento.

O noso país, seguro,  
Non o vai a derrubar  
Nin sequera este virus  
Que o está a atacar.

Aínda que penses que non  
En amargas situacións,  
Venceremos este virus  
e outras complicacións.



As persoas só fan axudar  
E non paran de traballar  
Para vencer este virus  
Que nos quere matar.

Xa estou cansa  
De tanto estado de alarma,  
Era por quince días,  
E xa van sete semanas.

A viaxe de fin de curso  
Era á miña ilusión,  
E por culpa do Coronarivus  
Quedei sen excursión.

Se da casa queres saír  
Dúas cousas terás:  
Un Can para pasear  
E un peso para mercar.

Coma ratos en gaiolas  
A todos nos igualan  
Experimentan cousas novas  
Para ver se isto arranxan.

Nin azuis, nin vermellos,  
Nin verdes, nin morados,  
Cando chegan ao mando,  
O pobo esquecen todos.

Tolo de tanto confinamento,  
Xa non podo vivir!,  
Coronavirus, marcha xa,  
Máis non quero sufrir!

Este maldito virus  
Que nos causa tanta dor,  
Provoca desgracias  
Pero non sairá gañador



Empezou sendo un catarro,  
Para nós non era problema,  
a xente pasábao de largo...  
acabou causando un dilema.

Para nós non era problema,  
Empezou alá polo Oriente,  
E converteuse en pandemia  
ao chegarnos ao continente.

O confinamento  
algún día vai acabar  
e tan só pensemos  
que isto imos superar.

Para o coronavirus deter  
A corentena debemos cumprir,  
As distancias manter  
Se disto queremos saír.

Controlar o virus está custando,  
Se todos colaboramos é doado,  
Quedarse na casa é complicado  
Pero todo dará resultado.

Por último, do paritorio  
témosvos que falar,  
e das valentes de Verín,  
en Compostela a protestar.

Para Feijóo nas protestas,  
As guerreiras forte berraban:  
Que en Verín nazan os nenos  
Das mulleres embarazadas!

Lograron o que querían,  
Así quedaron a gusto:  
Parir en Verín xa podían,  
E todo foi só un gran susto.

Xa é o tempo! Chega Maio!  
No Chivite así rimamos:  
Xa é o tempo, son os Maíos!  
Deste xeito comezamos:

Facendo estragos na China  
vén dende Oriente  
levando os nosos maiores  
e metendo medo á xente.

Que non era nada?  
pois era o COVID!  
Eu quedo aquí.  
Vai ti para Madrid.

Estou na casa,  
xogo coa consola.  
Estou sen wifi,  
poño a gramola.



O profe chama,  
corro cara o salón.  
Estaba na cama,  
vaia sofocón!

Por culpa do coronavirus  
non podemos saír,  
pero todos nós sabemos  
que a liberdade segue aí.

Por este mal virus  
na casa debemos quedar.  
Se non queres que veña,  
calmo debes estar.

Nestes longos días  
do confinamento  
estou aborrecida  
e non pasa o tempo.

Era bo pór de acordo  
a tódolos políticos  
para arranxar todo  
neste tempo tan crítico.

Na casa me meteron.  
Sei que é polo meu ben  
e, se non, faino o poder  
que a Garda Civil ten.

Todos os sanitarios  
son sempre os nosos anxos  
que veñen ao rescate  
con moreas de abrazos.

Os sanitarios protexen,  
a vida están a arriscar  
e como agradecemento  
na casa imos quedar.

Traballan sen parar,  
currando a maioría  
teñen que continuar  
para vermos o día.

Confinados estamos,  
na casa hai que agardar  
todos moi xuntiños  
para isto rematar.

Do colexio chegan  
deberes ao montón,  
ímolos facendo  
na casa ou no balcón.

Por culpa desta pandemia  
a xente está sen traballo:  
ve complicada a súa vida,  
queren volver ao pasado.



Chegou unha pandemia  
e deixounos sen festa.  
Se quedamos na casa,  
sairemos desta.

Loitaremos todos xuntos  
e ao virus mataremos,  
lograremos conseguilo  
e da casa sairemos.

Pechados en gaiolas,  
paxaros sen voar,  
cantando nas xanelas  
do lusco ata o luar.

Chegan máscaras a eito  
para todos os fogares  
enviadas polo goberno  
para non nos contaxiare.

Nestes tempos de pandemia podemos sentir soidade pero quedan os amigos que nos dan seguridade.

E a xente que vai facer con tanto rolo de papel? empregarao para comer, ou para se protexer?

Agora falta a fariña, todos somos panadeiros, logo facemos ximnasia por se medra o pandeiro.

Desexamos no Chivite a fin do padecemento, e pedímosvos o aplauso se rimamos con talento.

Aí veñen os maios  
un pouco tristóns  
Non veñen floridos  
senón moi choróns.

Xa chegou o Maio  
sen feiras nin festas,  
despois de dous meses  
saíndo ás fiestras.

Este é o Vintevinte  
ano dos Maios tristes,  
as rúas baleiras,  
flores que non vistes.

Comercios pechados,  
teletraballar,  
e cando remates,  
non vaias ao bar.



Metido na casa  
moi atormentado,  
sen poder saír  
síntome afogado.

Neste ano tan raro  
ímosvos contar  
desde a nosa casa  
O que está a pasar.

Despois de protestas  
e marchas sen fin,  
volveron os nenos  
nacer en Verín.

O paridoiro quixeron pechar,  
e as mulleres como frechas  
á rúa todas a berrar:  
“Verín non se Pecha”.

Xente do país,  
meus pais e avoíños  
manteivos ergueitos,  
a tristura non é camiño.

Que triste,  
Galiza de rúas desertas,  
Cando volveremos  
outra vez ás festas!

Éche unha faena  
esta cuarentena,  
pechados na casa  
os nenos e as nenas.

Tampouco imos a escola  
aos mestres facer rabiar  
iso xa non mola,  
pois ímolos estrañar.

Levamos tantos días confinados,  
que por voltar ao cole rabiámos.  
Estamos todos moi apenados,  
Feijóo!!! Dinos cando voltamos.

Primeiro era en maio,  
agora en abril...  
Nin o goberno sabe cando  
podemos saír.

Agora di o goberno  
que xa podemos pasear  
para que os nenos do Amaro  
nos poidamos espreguizar.

Os nosos sanitarios  
traballan a reo,  
para rematar  
con este virus feo.



Para aqueles que nos curan  
saímos aos nosos balcóns  
Regalámoslles aplausos  
con todo o noso corazón.

Grazas aos profesionais  
polo ben que nos facedes.  
Cos aplausos non chega,  
pois vós todo o merecedes.

Xa se van os maios  
todos confinados  
desde as nosas casas  
seguimos loitando.

Seguimos loitando  
contra esta pandemia  
isto vai para largo  
a que nos espera.

A que nos espera...  
Xente sen traballo,  
nesta corentena...  
e o resto do ano.

E o resto do ano  
sairemos da casa  
con moito coidado  
que o virus contaxia.

Pero despediremos o Maio  
con moita alegría  
porque os nenos do Amaro  
contaxian simpatía.

Ímolo deixar aquí  
Temos que rematar  
Desexámosvos a todos  
Que vos coidedes sen máis.

Aínda que ben raros,  
di o calendario  
que chegou o tempo  
de cantar os maios.

O de que son raros  
témolo ben claro,  
pois o da pandemia  
mantennos pechados.

O de estar pechados,  
como case sempre,  
créache disputas  
entre moita xente.

Por este motivo,  
e por moitos outros,  
andan os partidos  
a paus uns cos outros.



Pero para ser máis claros no conto, algúns dan os paus e outros pon o lombo.

Parece mentira, nestas circunstancias, que algúns aproveiten para sacar ganancias.

Eso das ganancias, haino que aclarar, vai polos que todo lles parece mal.

Parece que algúns, nin que fosen “lelos”, están a pensar: “canto peor mellor”.

Por se non me entenden,  
para que quede claro,  
estou a falar  
do Señor Casado.

Non só do Casado,  
tamén do Abascal,  
pois para estes dous  
todo se fai mal.

A cousa empezou  
na lonxana China  
e todos pensamos  
que con nós non ía.

Cando nos chegou,  
non sei se se lembran,  
TODOS nos dixeron  
que “non hai problema”.

Aínda que hai agora,  
a “toro pasado”,  
quen só fai dicir  
que o tiñan moi claro.

Se tan claro o tiñan  
estes avispados  
que coño fixeron  
que non avisaron?

Chegados aquí  
que lles vou contar  
que non saiban todos  
do que está a pasar.

A gran maioría  
na casa a esperar,  
mentras outros moitos  
van a traballar.



Esa moita xente,  
non sei moi ben cantos,  
que gracias a eles  
imos aguantando.

Dos nenos da escola  
que lles vou dicir?  
pechados na casa  
sen poder saír.

Pero estar pechados  
non é impedimento  
para que fagan cousas  
de moito talento.

Cos medios que temos  
e con moito aguante  
alumnos e mestres  
tiramos para adiante.

O de facer cousas  
non é tan doado  
se non tes ao lado  
ao profesorado.

Pero a pesar diso  
os nosos rapaces  
seguen demostrando  
do que son capaces.

Botándolle gañas  
e imaxinación  
sairemos desta  
se temos unión.

Coídenseme moito,  
non saian da casa,  
que o ano que vén  
vémonos na praza.

Levántate maio  
e ponte a escoitar,  
as nosas coplas  
vante alucinar.

No CRA este ano,  
houbo novidades,  
lede ben atentos  
e así vos decatades.

Cambiamos o horario  
despois de moitos anos:  
ao cole de mañá  
e pola tarde xogamos

O luns hai biblioteca  
alí en Albarellos,  
lemos moitos contos  
e facemos trebellos.



Agora practicamos  
a fala en lingua inglesa,  
pois vén coa teacher  
Corrie, que é escocesa.

Con tantos bichiños  
que temos no CRA,  
un zoo ben grande  
podemos montar.

Hai dous periquitos  
na aula de Vilaza,  
e un canario novo  
non deixa meter baza.

Insectos paus  
temos dabondo,  
e tartarugas  
xa nin che conto.

Colorettes é a maior,  
Conchito o mediano  
e Cuca a pequena  
chegou nova este ano.

Tivemos en Vilaza  
unha chinchilla  
co pelo tan suave  
era unha marabilla.

No mes de decembro  
fomos ata Pazos  
cantamos e bailamos  
miúdos artistazos.

Os profes no Nadal  
moi ben cantaron,  
pero cos signos  
non atinaron.

Chegou un Rei Mago  
de agasallos cargado,  
abrimos os paquetes  
quedamos encantados.

Cartas duns e doutros  
nunha caixa viaxaban;  
debuxos e historias  
nelas se atopaban.

A Paz celebramos  
xunto aos de Medeiros.  
Queremos volver,  
que son moi festeiros!

Ían vir aos Maios  
e estar en Vilaza,  
pero, ao confinarnos,  
todo isto se apraza.

No Entroido quixemos  
facer unha queixa:  
aos nenos de Verín  
sen pediatra non se deixa!

E fomos disfrazados  
de bebés e pediatrias.  
Por fin os trouxeron,  
ao darlles tanto a lata.

A primavera estreamos,  
démoslle a benvida;  
por culpa dun virus  
cambiou a nosa vida.

Chegamos a maio  
cheos de ilusión,  
pero o deste ano  
é outra canción.



Fixemos estas coplas,  
así o celebramos.

E, ao mesmo tempo,  
tamén colaboramos.

Botamos de menos  
estar na nosa escola.

Alí aprendemos xuntos,  
o CRA si que mola!!

Oxalá ben cedo  
poidamos achegarnos,  
pois todos moi forte  
queremos abrazarnos.

Déitate maio,  
e vai descansar.

A ver se para o ano,  
te podemos festexar.

## CENTRO DE DÍA RAIOLA

Xa chegou a copla,  
xa chegou o Maio,  
xa cumpriu Raiola  
o seu primeiro aniversario.

Raiola vén de festexar  
o seu primeiro ano de vida  
na casa tivemos que estar  
máis non faltou a alegría.

Os do centro de día Raiola  
escribimos unhas estrofiñas  
para colaborar cos Maíos,  
aínda que sexan pouquiñas.

Foron doce meses de risas,  
algún choro tamén houbo,  
pero todos os intres vividos  
para nós válenvos ouro.

## CENTRO DE DÍA RAIOLA

Os nosos maiores en Raiola pásancho sempre moi ben: gozan cantando e rindo... pero traballando, tamén.

Todos os aniversarios en Raiola sonche sagrados ningún dos nosos maiores queda sen celebralos.

A Begoña danos pra comer, a Montse danos pra pensar, a Paula ximnasia pra facer, saberemos onde empezar!

Amizades grandes, fermosas non che faltan en Raiola: María e Jessy son gemeliers dende a primeira hora.

## CENTRO DE DÍA RAIOLA

Marcos e máis Modesto  
sonche os mozos de Raiola,  
ás usuarias traen louquiñas  
entre apertas e bromas!

Nieves, Laura ,Tere e Chelo  
faltan por nomear,  
mais non sabemos  
como a copla comezar!

Temos transporte adaptado  
e un chofer uniformado  
só falta para os de Raiola  
estacionamento axeitado.

Por medo ao coronavirus,  
a porta tivemos que pechar  
pra poder protexernos  
e non nos contaxiar.



## CENTRO DE DÍA RAIOLA

Con isto do confinamento, cansos de mirar pola fiestra, temos gañas de volvermos celebrar unha gran festa.

Cando a familia dos usuarios volva de novo a traballar, nós, con moito agarimo, os seus maiores imos coidar.

Temos forzas para volver de orella a orella cun sorriso pra mimar aos nosos maiores. Poden estar seguros diso!

Grazas Verín! Grazas!  
Por crear esta gran obra facendo que sexa posible o Centro de Día Raiola.

Os maíos este ano  
non os podemos celebrar,  
por mor dunha pandemia  
que nos veu a desgraciar.

Alá polo mes de xaneiro  
veu a alarma da China,  
que había un coronavirus  
que nos ía estragar a vida.

Ningún país fixo caso  
seguindo a vida normal,  
non se cerraron fronteiras  
entre o mundo e Wuhan.

Estendeuse de xeito rápido  
pronto pasou para Italia,  
morrendo tamén xente  
en Francia, Portugal e España.

O 1º ministro Johnson  
na UCI case as toca,  
e ó presidente Trump  
había que pecharlle a boca.

Resultado de todo isto  
os hospitais colapsados,  
a xente foi confundida  
e os sanitarios estresados.

Aplausos ós Sanitarios  
e á policía en xeral,  
corpo da Garda Civil  
e a todo municipal.

Grazas ós confinados  
e ós grupos esenciais,  
que aquí non nomeo  
para non estenderme máis.

Os balcóns de cada piso  
son escenarios de canto,  
aínda que no seu interior  
haxa momentos de pranto.

As terrazas das casas  
son salóns de baile,  
para axudar ós veciños  
a pasar mellor a tarde.

Dereitos para os hospitais  
soíños e con moita dor,  
non só no seu corpiño  
senón tamén no corazón.

Non podendo recibir  
un abrazo das familias,  
nin que lle deran a man  
cando se lles ía a vida.



Algo fundamental  
en todo este “follón”,  
é manter a ciencia  
axudando á investigación.

Coidemos o noso planeta  
para xeracións futuras,  
elas dependen de nós  
sexamos persoas maduras.

A moza Greta Thumber  
quixo abrirnos camiño,  
loitou polo cambio climático  
sigamos a facer o mesmo!

Pobre ecosistema  
con tanta polución!,  
esixamos ós gobernos  
que lle poñan solución.

Cando o pesadelo acabe  
todos temos que loitar,  
para que o noso aire  
siga sen contaminar.

É de moita importancia  
que ninguén haxa pedindo,  
un país xa é rico  
sen haber ningún mendigo.

Hoxe remamos perdidos  
sen saber a onde chegar,  
con perda de empregos  
e o virus a matar.

Estamos no mesmo barco  
a piques de naufragar,  
rememos con lóxica  
se ó porto queremos chegar.

Gocemos dun aire limpo  
e do trilar dos paxaros,  
eles coa súa liberdade  
e nos mentres engaiolados.

A primavera segue o curso  
nacendo flores vivas,  
elas non saben de virus  
e alegran as nosas vidas.

A auga do mes de abril  
son lágrimas da xente,  
o mundo está chorando  
pola familia que perde.

Ánimo compañeiras  
de esta imos saír,  
coas gaitas e pandeiretas  
vámonos divertir!

Moi bo día teñan  
desde o auditorio  
veñan velo maio  
do conservatorio.

Aínda que o mundo parou  
todos temos que celebrar  
o chegar da primavera  
neso non nos van parar.

Os nosos nenos  
non paran de tocar  
porque polas redes  
estanse a comunicar.

O conservatorio de Verín  
vaino demostrar  
a nova estación esta aquí  
e con música o esta a anunciar.



Os nenos non poden  
a rúa saír  
na casa metidos  
estanse a aburrir.

Menos mal que teñen  
os seus instrumentos  
e aos seus profesores  
que están moi contentos.

Ás oito da noite  
aos balcóns saímos,  
coa nosa música  
a todos divertimos.

Moito temos traballado  
pola música en Verín  
e o Grao Profesional  
chegará aquí por fin.

No conservatorio o 2020,  
Non imos olvidar,  
No malo, coronavirus,  
No bo o Profesional!!

O coronavirus  
quérenos fastidiar  
Pero polo profesional  
Seguimos a loitar.

Este maio estrano  
non nos vai fundir.  
Coma outro ano  
ímonos reunir.

Non será en persoa,  
só será en liña.  
Pero a idea é boa  
para non collela tiña.

O Consistorio dixo  
que ía colaborar.  
Para acabar co virus  
cartos quere recadar.

A traballar digo  
por non dicir loitar  
contra o inimigo,  
o coronavirus tal.

Agora podemos falar:  
grazas ao Consistorio.  
Temos Conservatorio  
E grao profesional.

Dende o conservatorio  
aos que están a traballar  
o noso repertorio  
lles queremos adicar.

Corenta días confinado  
menudo tostón  
co instrumento afinado  
só podo saír ó balcón.

Neste maio querido  
o mundo foi a parar  
e coa nosa música  
se ha de arranxar.

Querido 2020  
canto nos sorprendiches  
con este virus  
nos rendiches

Ven o maio  
ven o maio  
confinados  
facendo o ensaio.



Maio querido  
flores limpas  
nunca antes  
así vistas.

Veña música!  
imos indo!  
que os nosos maios  
imos pulindo.

Este maio nunca  
o imos olvidar  
sempre na nosa cachola  
e sempre no noso pensar.

Aínda estando na casa  
os maios deben saír adiante  
non esquecemos os galegos  
algo tan importante.

Levántate Maio  
e bótate a andar  
que a xente do coro  
quéreche cantar.

A estes días tristes  
cheos de dor  
queremos poñerlle  
un pouco de humor.

Dada a situación  
pola que pasamos  
non tivemos Lázarro  
nin Pascua nin Ramos.

Imos a contarlle,  
non pareza mal,  
que nos fixo o bicho  
dentro do coral.

Entre os coristas  
hai xente maior  
co Coronavirus  
entroulle o tremor.

A Marisa Diéguez,  
que é quen máis berrea,  
a conta do medo  
colleu diarrea.

Foi comer o polbo  
o día de feira,  
soltóuselle o ventre  
miúda esterqueira.

E á presi Coroa  
non lle foi mellor:  
leva trinta días  
pechada en Piñor.

Saíulle un gran vulto  
preto da papada,  
se lle é mais abaixo  
quedaba preñada.

Díxolle o doutor,  
tomando unha Sagres:  
A certas idades  
xa non hai milagres!

Para darlle ánimos  
e que teña consciencia  
cantámoslle todos  
por videoconferencia.

E o mestre Miritto,  
con gran devoción,  
grávalle uns vídeos  
tocando a acordeón.



Pra que saia enteiro  
xunto co acordeón,  
gravan o programa  
dende o Cancelón.

O Pepe Parada  
mercou un magirus,  
fixo unha viaxe a Italia  
... e colleu o virus!

Fina máis Pepita,  
mulleres moi sas,  
por culpa do virus  
teñen almorrás.

Todas as mañás  
envolven un trapo  
e lavan o cu  
na Fonte do Sapo.

Graváronlle un vídeo,  
fíxose viral,  
veñen para velas  
dende Portugal.

A Merce Patolas  
pechou o negocio,  
foi tal o desgusto  
que colleunos bocio!

O bocio é tan grande  
que lle chega á teta,  
e como non canta  
toca a pandeireta.

O Isidro de Pazos  
foi ver a unha tía:  
estaba infestada,  
colleu pneumonía!

Mari máis o Félix  
viaxaron a Malta  
e ó chegar de volta  
tiñan a febre alta.

Viñan os dous secos,  
igual que un caniche,  
din as malas linguas,  
de tanto cirriche.

E pra rematar,  
chega de canguelo,  
pregamos que acabe  
este pesadelo.

Levántate Maio  
e bótate a andar  
que o coral pro ano  
volverá cantar!

Levántate maio  
e ponte a andar  
que desta pandemia  
temos que escapar.

Tanta liberdade  
tanta democracia  
e agora vén un bicho  
que nos pecha na casa.

Pero a terra está feliz  
no confinamento  
por fin respira un pouco  
de tanto quecemento.

Din os médicos  
que isto está mal  
que non é como a coña  
do Revolver no carnaval.



Por mor dun cartel  
moito rebumbio se formou  
ata no telediario  
o pueblo se asomou.

As mulleres de Verín  
son mulleres moi fortes  
ganáronlle ao Feijóo  
niso dos recortes.

O neno dos Peares  
o paritorio quixo pechar,  
as xentes de Verín  
puxérono a andar.

Levántate maio  
e ven para acá  
que na rúa Maior  
algo se armará.

Engalanaron a rúa  
a noite de Samaín,  
por iso por aí  
pasou todo Verín.

Tomamos as uvas  
no adro da igrexa,  
os da Porta do Sol  
mirábannos con envexa.

Os das outras rúas  
non se deben celar  
pois o seu traballo  
tiveron que levar.

Eu sei de unha  
que non volta a Verín:  
para o próximo ano,  
o Entroido en Madrid.

Tanto fai o cigarrón  
como o capuchón,  
se o entroido é famoso  
é gracias a todos nós,

Da política actual  
temos que falar  
pois eles agora  
non se van a escapar.

Agora os políticos  
teñen moita formación  
máster en Harvard  
e moito pimentón.

O amigo da coleta  
mercaba no Alcampo  
e agora que é vice  
xa merca na do Amancio.

E ao noso presidente  
moito lle gusta falar  
para dicir unha cousa  
moito lle temos que aturar.

Os netos do Pato  
queremos axudar  
pois ao noso avó  
queremos imitar.

Os corenta anos  
do seu falecemento  
sacámolo a el  
do esquecemento.

O Plácido do bodegón  
os nosos recordos fixo voar  
por iso este ano  
nos maios imos participar.



A súa memoria  
quixo honrar  
como familia que somos  
as gracias querémoslle dar.

Moita xente de Verín  
participou de boa gana,  
un bo documental el fixo:  
en Allariz rachou coa pana.

Levántate maio,  
pero só ao balcón,  
a aplaudir aos sanitarios  
de todo corazón

O ano que vén  
será o maio na rúa,  
non como este ano  
que é cada un na súa.